



**Confederación
Intersindical
Galega**

- **Regulamento precongresual**
- **Actas**



Congreso
24 maio 2025

Sindicalismo nacionalista e de clase

Regulamento precongresual

IX Congreso da CIG

24 de maio 2025

Artigo 1º.- Finalidade

Este Regulamento, xunto cos seus anexos, ten como finalidade regular e ordenar o desenvolvemento de todo o proceso preasambleario do IX Congreso Confederal da Confederación Intersindical Galega (CIG). O establecido neste Regulamento terá a consideración de mínimo para todos os regulamentos dos procesos congresuais confederais e federativos nacionais e comarcais.

Artigo 2º.- Composición do Congreso

O Consello Confederal da CIG acordou, con data do **22 de novembro de 2024** convocar o IX Congreso da Confederación Intersindical Galega para o día **24 de maio de 2025** a celebrarse na cidade de Compostela.

Este IX Congreso compoñeráse de 530 congresistas de elección directa máis as persoas membros do Consello Confederal e da Comisión de Garantías.

O período de cotizacións, para facer o reparto proporcional de congresistas que corresponden por comarca e Federación, será o comprendido entre o **01/07/2023 e 30/06/2024**.

Ao **31/12/2024** fíxase a relación definitiva de membros do Consello Confederal que son membros natos do Congreso.

As persoas congresistas deberán estar electas con data do **30/04/2025** inclusive.

Artigo 3º.- Comisión de Organización

A organización e tutela de todo o proceso precongresual do IX Congreso Confederal encoméndase á Executiva Confederal, que para estes efectos se constitúe en Comisión de Organización, podendo esta dotarse de cantos apoios técnicos xulgue necesarios co fin de garantir o desenvolvemento do IX Congreso Confederal.

O enderezo da Comisión de Organización para efectos de notificación e recepción de documentación é o da Secretaría Xeral na Sede Central.

Artigo 4º.- Período de celebración das asembleas de Unión Comarcal e congresos nacionais de Federación

As Unións Comarcais fixarán as datas para a celebración das súas asembleas respectivas no período comprendido entre o 01/06/2025 e o 06/07/2025. Respecto dos congresos nacionais das Federacións, recoméndase que estes se celebren con anterioridade ao 31-12-2025.

Artigo 5º.- Elección de persoas delegadas para as asembleas comarcais

Coincidindo coa celebración das asembleas de elección de congresistas para o IX Congreso da CIG, levarase a cabo tamén a elección das persoas que asistirán como delegadas ás Asembleas Comarcais da Confederación.

O número de persoas delegadas con dereito a asistir á Asemblea Comarcal, así como a súa asignación e distribución por Federacións, correspóndelles facelo ás Direccións Comarcais respectivas, utilizando para isto o mesmo período de cotizacións que se establece para o Congreso Confederado. Posteriormente, dentro de cada Federación a nivel comarcal, farase unha segunda distribución por empresas ou centros de traballo, tendo dereito a elixir asembleístas aquelas empresas ou centros de traballo con fraccións igual ou maior a 1,00.

Artigo 6º.- Asignación e distribución de congresistas

Para os efectos de determinar o número de congresistas de elección directa que lle corresponden a cada Unión Comarcal e a cada Federación, a Executiva Confederada e as Direccións Comarcais farán un reparto inicial do número de congresistas que corresponden elixir por cada Unión Comarcal e dentro destas por cada Federación. Para facer este reparto terase en conta a media de cotizacións ingresadas por cada unha destas estruturas no período establecido no artigo 2º deste Regulamento. Posteriormente, seguindo o mesmo criterio, dentro de cada Federación a nivel comarcal, farase unha segunda distribución por empresas ou centros de traballo, tendo dereito a elixir congresistas todas aquelas empresas con fraccións igual ou maior que 1,00.

No sector da Saúde o concepto empresa identifícase cos centros de traballo que teñan xerencia propia, incluíndo atención primaria. No caso da Administración Pública asimilase o concepto empresa aos sectores recoñecidos na Federación: Central, Autonómica, Xustiza, Correos e Universidade. No caso da Local, cada concello ou deputación terá a consideración de empresa.

As Federacións a nivel comarcal que, froito desta distribución, non teñan dereito a 1,00 congresista, agruparanse todas elas para elixiren en común as persoas congresistas que lles correspondan.

No caso daquelas empresas ou centros de traballo que tendo dereito a elixir persoas delegadas opten por non o facer, decaen, non podendo ser electas pola Asemblea Comarcal da Federación, nin participar nela a afiliación pertencente a estas empresas. Igual criterio será aplicábel para aquelas Federacións que non elixan a totalidade de congresistas a que teñen dereito.

Cada persoa afiliada só poderá participar nunha asemblea, na do seu centro de traballo ou na do seu sector na comarca, segundo lle corresponda unha ou outra.

Artigo 7º.- Asembleas precongresuais

As asembleas precongresuais das Federacións nas Unións Comarcais desenvolveranse en dous períodos diferenciados. Un primeiro período de celebración de asembleas de afiliación exclusivamente para debate dos relatorios e un segundo período de asembleas de afiliación exclusivamente para elección de congresistas. As asembleas, tanto de debate dos relatorios como de elección de congresistas, deberán celebrarse, como mínimo, en todas as cabeceiras das unións locais constituídas en cada Unión Comarcal. Non poderán celebrarse no mesmo día as asembleas de debate de relatorios e de elección de congresistas dunha mesma estrutura.

A executiva comarcal de cada Federación ou órgano equivalente será a responsábel da convocatoria das asembleas e todo o que isto leva consigo (comunicación á afiliación, seguimento dos censos,

recollida de candidaturas, preparación do material necesario para a celebración destas, recollida das actas e o seu envío a nivel nacional...). Naquelas Federacións que non estean constituídas na comarca, asumirá esa responsabilidade a Executiva da Unión Comarcal. Da convocatoria das asembleas sectoriais comarcais darase información á Executiva da Unión Comarcal, cunha antelación mínima de dúas semanas. De todas estas convocatorias farase exposición pública nos taboleiros de anuncios dos locais correspondentes.

Toda a afiliación deberá ser convocada por escrito, mediante carta postal e/ou correo electrónico remitido de forma fidedigna con polo menos quince días de antelación á data fixada para a celebración da asemblea. Nesta carta deberá constar: día e hora de celebración das asembleas, tanto a correspondente a debate dos relatorios como a de elección de congresistas, lugar da súa celebración, temas a tratar, número de persoas delegadas e congresistas a elixir (se é o caso) e número de mulleres que deben contemplar as distintas candidaturas (incluíndo titulares e suplentes), así como prazos de presentación de candidaturas.

As **assembleas de debate dos relatorios** celebraranse nas cabeceiras das unións locais constituídas en cada Unión Comarcal. De cada unha destas asembleas redactarase unha acta parcial cos votos acadados por cada unha das emendas ou relatorios alternativos presentados. Cos datos destas actas parciais elaborase unha acta global a nivel da Unión Comarcal, na que figurarán o número de votos totais acadados por cada emenda ou relatorio alternativo, para efectos de determinar as que conseguen o mínimo de votos exixíbeis para pasar a debate no Congreso. Esta acta global será remitida á Comisión Nacional de Organización. Todas as asembleas estarán presididas polo organismo convocante destas ou por unha representación deste nomeada para tal fin. O período de celebración destas asembleas fíxase entre o 24/03/2025 e o 10/04/2025.

As **assembleas de elección de congresistas** faranse seguindo o criterio de favorecer a maior participación posíbel. En calquera caso, garantirase a celebración de asembleas nos locais cabeceira de todas as unións locais constituídas, podéndose, así mesmo, celebrar tamén asembleas naquelas localidades con locais da CIG en funcionamento, sempre que haxa un mínimo de 15 persoas afiliadas na Federación ou sector. No caso de que existan incompatibilidades de horarios por mor das quendas de traballo, deberán fixarse, por parte do órgano competente, diferentes horarios de votación para unha mesma asemblea, podendo en sectores con características especiais (Mar e Transporte) fixar tamén días diferentes para unha mesma asemblea. En todos estes casos, as asembleas parciais estarán presididas pola Mesa Central, se as circunstancias o permiten, ou ben por unha Mesa elixida para o efecto na propia asemblea, redactándose acta dos resultados de cada unha destas votacións, conformándose ao final do proceso unha acta global, asinada pola Mesa Central, cos resultados de todas as actas parciais. As diferentes candidaturas que concorran ao proceso poderán nomear persoas interventoras en todas as mesas electorais, máximo 1 por mesa, con voz e sen voto. Para ser interventora só se require ser persoa afiliada na Federación, coas cotas ao día e unha antigüidade de 3 meses. Estas asembleas celebraranse entre o **08/04/2025 e o 30/04/2025**.

Segundo os Estatutos da Confederación, para unha persoa ter dereito a votar e ser votada cómpre ter as cotas ao día e unha antigüidade mínima de tres meses de afiliación, con data dun día antes ao da celebración da asemblea. Polo tanto, segundo o calendario precongresual, todas as persoas que se afilien antes do 1 de xaneiro poderán participar no proceso e as que se afilien despois desta data, non.

Artigo 8º.- Censos

As Executivas das Unións Comarcais elaborarán os censos da afiliación electora e elixíbel por Federacións e por localidade onde se realicen as asembleas. Estes censos estarán en soporte informático nun ordenador ao coidado do persoal administrativo que a comarca designe con este fin. Calquera persoa afiliada terá dereito a facer consultas nos censos de persoas electoras e elixíbeis, da súa Federación ou das outras, durante o horario de oficina. Así mesmo, aquelas persoas que teñen a condición

de usuarias da base de afiliación terán tamén acceso a estes censos, segundo o protocolo establecido para o efecto. O calendario de exposición e reclamacións aos censos farase segundo o seguinte:

- Publicación censo afiliación con dereito a participación no proceso precongresual20/01/2025
- Período de exposición e reclamacións aos censos20/01/2025–10/02/2025
- Prazo para resolución das reclamacións.....11/02/2025–18/02/2025
- Data publicación censos definitivos corrixidos.....19/02/2025

No censo deberán constar os seguintes datos: nome e apelidos, antigüidade, última cota, centro de traballo, concello e unión local.

As reclamacións ao censo faranse a través das executivas comarcais das Federacións, as cales darán traslado destas á Executiva da Unión Comarcal para que resolva.

Unha copia dos censos seralle entregada, polo órgano convocante, o mesmo día da asemblea, á presidencia da Mesa Presidencial, así como ás persoas interventoras daquelas candidaturas que o soliciten, que asinarán unha certificación da entrega destes, coa obriga de devolvelos unha vez rematada a asemblea e deixalos baixo a custodia da Presidencia da Mesa, até que remate o período de reclamacións. Nese momento, desde a Presidencia da Mesa entregárase toda a documentación á persoa do órgano responsábel que lle fixo entrega desta.

Artigo9.- Candidaturas

As candidaturas para congresistas deberán conter como mínimo un número igual ao de postos a cubrir, podendo figurar como suplentes como máximo o triplo destes. Para dar cumprimento ao acordado no VII Congreso no que respecta á participación das mulleres, a composición das candidaturas (incluíndo titulares e suplentes) en calquera dos procesos deberá cumprir o establecido no artigo 91 dos estatutos confederais:

1. Naquelas estruturas nas que a afiliación de mulleres sexa igual ou superior ao 30% do total da afiliación, serán válidas aquelas candidaturas que garden a proporción do 60/40% para cada un dos xéneros.
2. Naquelas estruturas en que a afiliación de mulleres sexa inferior ao 30%, as candidaturas incorporarán como mínimo unha porcentaxe de mulleres igual ao mesmo número de afiliadas á devandita estrutura, incrementada esta porcentaxe nun 10%.

As proporcións mencionadas deberán ser respectadas, tanto no tramo de titulares como no de suplentes. Esta proporción deberá respectarse tamén na orde na que deben figurar as persoas candidatas na lista. As porcentaxes de xénero que aparecen recollidas nos apartados 1 e 2 teñen carácter de mínimos para o caso da representación das mulleres, polo tanto, non poderá invalidarse ningunha candidatura por superar as devanditas porcentaxes.

Para garantir a proporción na orde da candidatura, dividirase a lista en tramos de 5 postos, de xeito que en cada tramo se cumpra a proporcionalidade correspondente.

As candidaturas serán presentadas á Executiva comarcal da Federación, ou órgano equivalente, podendo facerse desde o día de convocatoria da asemblea até 48 horas antes da súa celebración. O órgano responsábel de recoller as candidaturas deberá comprobar que as persoas candidatas reúnen os requisitos estatutarios para se poderen presentar ás eleccións, notificando ás promotoras, dentro do prazo das 24 horas seguintes, aquelas deficiencias que detecte. Para estes efectos, as persoas promotoras das candidaturas deberán incluír, no documento da propia candidatura ou nun documento anexo, os medios para poder recibir a notificación de calquera deficiencia que o órgano convocante advirta nesta; entre estes medios, deberá figurar un enderezo electrónico. As persoas promotoras das candidaturas teñen de prazo até tres horas antes da asemblea para corrixiren as deficiencias detectadas, dándose a partir deste momento por proclamadas as candidaturas definitivamente. Para estes efectos son inhábiles os sábados, domingos e festivos, é dicir, as 48 horas antes da asemblea teñen que se corresponder con días laborábeis.

En ningún caso se poderán engadir nomes ás candidaturas unha vez transcorrido o prazo para a súa presentación. As persoas afiliadas que non pertencen ao censo electoral non poderán figurar en candidaturas, e decaerán destas automaticamente, non computando, polo tanto, para todos os efectos (incluíndo a porcentaxe de xénero). O mesmo tratamento vai dárselles aos nomes de persoas afiliadas que non amosen o seu consentimento, ou soliciten o seu decaemento nalgunha candidatura, por teren sido incluídas sen o dito consentimento.

Calquera baixa que se produza unha vez proclamadas definitivamente as candidaturas, non as invalidará sempre que as devanditas candidaturas manteñan un número de integrantes equivalente á porcentaxe requirida segundo o artigo 91 dos estatutos, preservando a cota de xénero.

De todas as candidaturas presentadas, nada máis seren recibidas, darase publicidade no taboleiro de anuncios e farase entrega destas, no seu momento, á Mesa presidencial da asemblea. Nas candidaturas debe figurar o nome e apelidos das persoas candidatas, número de documento de identidade, empresa, sector e sinatura en conformidade coa devandita candidatura. Para tal efecto, e en cumprimento da LOPD, cada persoa candidata asinará na propia candidatura unha autorización para a exposición pública dos seus datos.

Ningún organismo ou cargo da central como tal realizará, custeará ou distribuirá propaganda a favor de ningunha candidatura.

Artigo 10º.- Mesa presidencial e votacións

O organismo convocante será o responsábel de dar inicio ás asembleas procedendo á elección dunha Mesa Presidencial e proporcionándolle a esta toda a documentación que precise. A devandita mesa constará de Presidencia, Secretaría e Vogal e deberá contar co respaldo de 2/3 das persoas electoras presentes. Se na primeira votación non se acadasen os 2/3, farase unha segunda votación e de non se conseguir de novo os dous terzos, constituirase a Mesa mediante asignación dos seus membros a cada unha das candidaturas presentadas en proporción aos votos obtidos. As persoas que formen parte dalgunha candidatura non poderán ser membros da Mesa Presidencial.

Unha vez elixida a Mesa Presidencial, esta será a responsábel da marcha da asemblea, de proclamar as candidaturas e de redactar acta de todas as decisións que se tomen nesta. A Mesa Presidencial dispoñerá do censo definitivo de afiliación con dereito a voto, así como do resto de material obxecto de debate nesta. As decisións na Mesa adoptaranse por maioría. As unións locais só dispoñerán do censo correspondente a esa unión local. No caso de que unha persoa non correspondente a esa unión local queira exercer o seu dereito ao voto nesta, a Mesa terá que solicitar á Mesa Presidencial a confirmación de se figura ou non no censo.

As votacións serán mediante papeletas individuais por candidaturas, iguais en tamaño e cor. Unha vez feito o recuento dos votos, farase por parte da Mesa a asignación de representantes que corresponden a cada candidatura, segundo reparto proporcional ao número de votos obtidos por cada unha delas. Caso de existir unha soa candidatura ou de se producir unha de síntese, poderase utilizar, por decisión unánime das persoas integrantes da candidatura, o método de votación en lista aberta, tendo cada persoa afiliada dereito a votar como máximo por un número de persoas candidatas equivalente ao 75% dos postos a cubrir.

Do resultado da votación a Mesa presidencial redactará acta, que será asinada polos seus membros. Da acta expoñerase copia no taboleiro de anuncios durante os tres días laborábeis seguintes e entregarase copia ao órgano convocante da asemblea. Transcorridos eses tres días sen que exista impugnación, darase por válida a devandita acta, a cal será remitida á Comisión Nacional de Organización.

As impugnacións á acta poderanse presentar por parte de calquera persoa afiliada afectada á Presidencia da Mesa, resolvendo esta en primeira instancia no prazo máximo de 48 horas. No caso de

desacordo coa resolución da Mesa, quen impugne ten tres días laborais para recorrer á Comisión de Garantías da Confederación, a cal deberá resolver no prazo de dez días. A decisión da Comisión de Garantías non é recorrible.

Non se consideran válidos os votos por correo (dada a imposibilidade de cumprir o establecido legalmente para o voto por correo) nin o sistema de urnas itinerantes.

Artigo 11º.- Comisiones Precongresuais

Créase unha Comisión de Credenciais integrada por 3 membros da Executiva Confederal, entre eles a Secretaría Confederal de Organización, e polas Secretarías de Organización de cada Unión Comarcal, ou persoa na que estas deleguen. Esta comisión ten como función expedir as credenciais de todas as persoas congresistas.

A Comisión de Garantías para todo o proceso congresual será a mesma existente na CIG, electa no VIII congreso.

Artigo 12º.- Congresistas

O cargo de congresista é persoal e intransferible, agás causa de forza maior que imposibilite a asistencia. Neste suposto, a persoa afectada comunicará por escrito a súa baixa como congresista á Secretaría Confederal de Organización, a través da Federación ou da Unión Comarcal, podendo ser substituída pola seguinte da súa mesma lista, no caso de listas pechadas, ou pola seguinte en número de votos, no caso de listas abertas. Desde a Secretaría Confederal de Organización darase traslado da devandita baixa á Comisión Nacional de Credenciais, a cal, unha vez comprobados os datos da persoa que causa baixa e da que por dereito lle toca substituíla, procederá a estenderlle a credencial correspondente, facéndolla chegar a través da estrutura federativa ou comarcal a que pertenza. O prazo máximo para proceder a este tipo de substitucións rematará 24 horas antes da hora fixada para o inicio do Congreso. Este criterio faise extensivo a calquera proceso interno que exixa elección previa de delegadas e delegados.

As persoas congresistas natas non poderán participar como candidatas na elección a delegadas ao Congreso.

Todas as persoas congresistas deberán portar unha tarxeta identificativa para poderen participar nas sesións congresuais. Estas tarxetas entregaranse pola Comisión de Credenciais ao inicio do Congreso, previa presentación por parte da persoa interesada do documento de identidade ou análogo.

Artigo 13º.- Financiamento

O financiamento dos gastos inherentes ao proceso congresual correrá a cargo de cada estrutura afectada polos gastos en cuestión. Os gastos de índole nacional que se produzan, así como os derivados da celebración das sesións congresuais, correrán a cargo da Caixa Nacional da CIG.

Artigo 14º.- Relatorios e emendas

Os relatorios deberán estar elaborados e aprobados polo Consello Confederal da CIG na data do 14/03/2025. Elaboraranse os seguintes relatorios:

- a) Regulamentos das sesións do congreso.
- b) Organización e Estatutos.
- c) Documento base sobre o marco político e acción sindical.

Os relatorios sinalados nos apartados a), b), c) serán elaborados por diferentes comisións nomeadas polo Consello Confederal de entre os seus membros.

Os relatorios serán aprobados polo Consello Confederal, tendo a consideración de relatorios oficiais aqueles que acaden o respaldo da maioría de membros asistentes á sesión deste. Así mesmo, repartiranse conxuntamente cos oficiais todos aqueles relatorios que contén co respaldo dun 25% dos membros asistentes. Nos relatorios farase constar o respaldo orgánico co que contan.

As emendas para pasar a debate no Congreso Confederal deberán contar, a nivel do global das asembleas de Federación celebradas nunha Unión Comarcal, co respaldo do 20% de asistentes e un mínimo de 15 votos. No caso dos relatorios alternativos, para pasar a debate no Congreso, deberán contar co respaldo do 20% de asistentes e un mínimo de 15 votos nas asembleas de catro Federaciós distintas nunha mesma comarca ou ben nas asembleas comarcais dunha mesma Federación en catro comarcas.

Estas emendas e relatorios alternativos deberán remitirse á Comisión Nacional de Organización, con data tope do **22/04/2025**, con indicación da persoa voceira que vai defender cada unha delas no pleno do Congreso. De non seren congresistas, as voceiras das emendas poderán delegar a defensa destas en calquera outra persoa congresista, tendo que comunicar os datos deste á Comisión Nacional de Organización, a través da súa Federación ou Unión Comarcal, tendo de prazo até 48 horas antes do inicio do Congreso.

Das emendas e relatorios alternativos farase chegar copia a todas as persoas congresistas antes da celebración do Congreso.

O Informe político da Executiva Confederal, así como o Informe de contas, serán distribuídos ás congresistas con dez días de antelación ao inicio das sesións do IX Congreso.

Artigo 15º Presentación de candidaturas

As candidaturas para a Executiva Confederal terán que se presentar 48 horas antes do inicio do Congreso á Comisión de Organización. Para seren consideradas válidas, teranse que respectar todas as normas estatutarias en vigor. En caso contrario, serán nulas. Os defectos corrixíbeis serán os erros que se detecten por parte da Comisión de Organización que no sexan imputábeis ás persoas promotoras. O prazo de corrección será de 24 horas desde que se comunica ás persoas promotoras. Para isto deberán facilitar, con carácter obrigatorio, un teléfono e un correo electrónico á Comisión de Organización coa entrega da candidatura, así como o nome da persoa responsábel desta.

No caso de non se presentar ningunha candidatura, e de acordo co artigo 85 dos Estatutos, será a Mesa Presidencial do Congreso a responsábel de presentar unha candidatura ao pleno do Congreso.

Calquera modificación estatutaria, aprobada no Congreso, que implique algún tipo de modificación nas candidaturas, obriga á Mesa Presidencial a dar un tempo de corrección ás persoas promotoras das distintas candidaturas.

A non aceptación dunha candidatura por parte da Comisión de Organización poderá ser recorrida polas persoas promotoras diante da Mesa Presidencial do Congreso, tendo que aceptar todas as partes a súa decisión.

Calendario precongresual

Convocatoria do Congreso	22/11/2024
Data tope fixación nominal membros natos Congreso	31/12/2024
Data publicación censos da afiliación.....	20/01/2025
Prazo de exposición e reclamacións aos censos.....	20/01/2025 - 10/02/2025
Prazo resolución reclamacións aos censos	11/02/2025 - 18/02/2025
Data publicación censos definitivos corrixidos	19/02/2025
Data tope aprobación relatorios polo Consello Confederal	14/03/2025
Asembleas federativas e comarcais debate relatorios	24/03/2025 - 10/04/2025
Asembleas federativas e comarcais elección congresistas	08/04/2025 - 30/04/2025
Data tope envío emendas á Comisión Nacional de Organización	22/04/2025
Data tope envío congresistas á Comisión Nac. de Organización	06/05/2025
Data celebración IX Congreso CIG	24/05/2025

Aprobado polo Consello Confederal
Santiago, a 22 de novembro de 2024

Actas

ACTA DE ELECCIÓN DE CONGRESISTAS

Unión Comarcal:

Federación:

Empresa (se é o caso):.....

Nota.- Se os datos que hai que incorporar a este modelo de acta non collen nos espazos previstos para iso, pódese realizar a acta en papel á parte, respectando a estrutura deste modelo.

En, o día de de, reunida a asemblea de afiliados e afiliadas do ámbito que se sinalou enriba, co obxecto, entre outros puntos, de elixir o/s congresista/s que lle corresponden, procédese en primeiro lugar á elección da Mesa presidencial, que queda composta por:

D/Da , como presidente/a,

D/Da , como secretario/a,

D/Da , como vogal.

Presentáronse á elección de congresistas as seguintes candidaturas:

☐ Candidatura única aberta ☐ Candidatura única pechada ☐ Varias candidaturas pechadas

Participaron ademais na Mesa, con voz e sen voto, os/as seguintes representantes-interventores das candidaturas:

D/D^a , («A»),

D/D^a , («B»),

D/D^a , («C»).

Realizadas as votacións e feito o recuento de votos, prodúcese o seguinte resultado:

(Continúa no reverso)

[illegible]

Candidatura «A»	Candidatura «B»	Candidatura «C»
Nº de votos:	Nº de votos:	Nº de votos:
Membros da candidatura:	Membros da candidatura:	Membros da candidatura:
1	1	1
2	2	2
3	3	3
5	5	5
6	6	6
7	7	7
8	8	8
9	9	9
10	10	10
11	11	11
12	12	12

[illegible]

☐ **No caso de candidaturas pechadas (se é única, usar só a identificada como «A»):**

Incidencias habidas ou reclamacións formuladas polos/as representantes-interventores/as:

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

(Se o espazo é insuficiente, pédese achegar escrito).

Asdo.-Presidente/a.

Asdo.-Vogal.

Asdo.-Secretario/a.

Asdo.-Representantes-interventores/as:

Nota:

* Da acta redactaranse catro copias, asinadas de orixinal, cos seguintes destinos: exposición no taboleiro de anuncios da sede comarcal; secretariado comarcal da Federación; secretariado comarcal da Confederación; e Executiva Confederal da CIG.

* As papeletas de votos impugnados ou nulos achegaranse coa copia que se envía á Executiva Confederal; as papeletas de votos válidos destruíranse.

EMENDA

Sobre o documento: ☐ Regulamento das sesións do Congreso ☐ Relatorio-Base. ☐ Relatorio de Organización e Estatutos.	Páxina: Liña: Outras indicacións de localización:.....
--	--

Explicación da emenda

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

..... (se o espazo resulta insuficiente, continuar no reverso).

Texto da emenda de: ☐ Substitución, ☐ Adición, ☐ Ampliación, ☐ Supresión.

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

..... (se o espazo resulta insuficiente, continuar no reverso).

Portavoz da emenda: D/D^a Data: / / Sinatura	Trámite na 1ª fase de debate: Apoio orgánico obtido sg/art.11 do Regulamento: Sinatura secretario/a do organismo	
--	--	--



Confederación Intersindical Galega